

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

*LEI 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.*

**Exposición de motivos**

I

Os orzamentos de 2021 veñen marcados por unha situación de crise sanitaria a nivel mundial motivada pola irrupción do virus COVID-19. O 12 de marzo do 2020, o día seguinte á declaración pola Organización Mundial da Saúde da situación de pandemia internacional, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se adoptaban as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. O 13 de marzo do 2020 declarouse o estado de emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o 14 dese mesmo mes decretábase o estado de alarma en todo o Estado. Esta serie de acontecementos derivaron en importantes restricións da mobilidade e implicaron o confinamento a nivel nacional co gallo de frear a expansión da pandemia e evitar a saturación das instalacións sanitarias.

Antes de xurdir esta pandemia, Galicia e España levaban unha senda ininterrompida de crecemento de seis anos; no ano 2019 o crecemento da economía española moderouse, medrando precisamente un dous por cento fronte ao 2,4 por cento do ano 2018. Os países da nosa contorna tamén experimentaron esta moderación, en concreto as economías da área do euro tiveron un crecemento menor da súa economía. Se ben é certo que dentro da senda da economía mundial se prevía unha desaceleración progresiva, a chegada da COVID-19 supuxo unha muda total, orixinando un abrupto parón da actividade económica e a conseguinte caída do produto interior bruto (PIB).

Na actualidade, a epidemia segue a estender os seus efectos por todo o mundo, tendo consecuencias devastadoras tanto no eido da saúde como da economía. As últimas estimacións sinalan unha caída do PIB real dun 11,2 por cento no conxunto do territorio nacional e na nosa comunidade prevese un descenso algo menor, e calcúlase unha porcentaxe de minoración do PIB do 9,7 por cento. Porén, para o ano 2021 as previsións económicas estiman unha importante recuperación da economía, pois sitúan un ascenso do PIB arre-



#### Artigo 54. *Expedientes de dotación artística*

Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2021 será do dous por cento, quedando excluídas da base de aplicación desta porcentaxe as obras por uns importes inferiores a cento vinte mil euros.

#### Artigo 55. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostento de centros concertados*

Un. De acordo co establecido nas alíneas 2 e 3 do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostento dos centros concertados para o ano 2021, é o fixado no anexo IV desta lei.

Dous. As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2021, sen prexuízo da data en que se asinen as táboas salariais para o 2021 do Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos. A Administración autonómica poderá aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e de consulta coas sindicais, ata o momento en que se produza o asinamento das correspondentes táboas, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2021.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola administración, mediante o pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A administración só aboará as categorías funcionais directivas de director ou directora e xefe ou xefa de estudos do centro, así como os trienios destas dúas categorías. Non aboará ningunha outra categoría funcional directiva, e singularmente as denominadas «xe-faturas de departamento», aínda que iso figure expresamente recollido no convenio colectivo vixente. No ano 2021 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.



perigo baixo, quedará suspendido o primeiro parágrafo do punto 3.3.8 do Acordo polo que se establecen as condicións especiais de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galicia.



#### Disposición adicional décimo segunda. *Centros concertados*

Un. No ámbito do ensino privado concertado mantense a suspensión do Acordo do 24 de abril de 2008 polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante a Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do dous por cento no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de corenta e cinco euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Dous. No caso dos centros concertados, os módulos económicos para o seu sostento, que se publican como anexo IV desta lei, recollen un incremento do 0,9 por cento con respecto aos vixentes o 31 de decembro de 2020. Porén, este incremento non será aplicable ata que se aproben os módulos estatais de distribución de fondos públicos para o sostento dos centros concertados para o ano 2021. Se os módulos estatais establecen unha variación porcentual distinta aplicarase a mesma porcentaxe aos módulos vixentes o 31 de decembro de 2020.

Se durante o exercicio 2021 se aplicar calquera outra variación adicional dos módulos estatais tamén se aplicará aos módulos vixentes nese momento na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas variacións non serán aplicables ao incremento de trinta euros por mes por profesor ou profesora, en catorce mensualidades, no complemento retributivo da Comunidade Autónoma, establecidos na Resolución do 30 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de novembro de 2018 polo que se aproba o Acordo acadado o 5 de novembro de 2018 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as organizacións patronais CECE-Galicia, Educación e Xestión (Escolas Católicas), ACES-Galicia e as organizacións sindicais FSIE-Galicia, CCOO-Ensino, UGT-Galicia e USO sobre incremento salarial do persoal docente do ensino concertado en réxime de pagamento delegado.



Os compoñentes do módulo destinados a «Outros gastos» e «Persoa complementaria» terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2021.

As contás correspondentes ao módulo de «Outros gastos» aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contás correspondentes ao módulo de «Persoa complementaria» tamén se aboarán mensualmente, e os centros deberán xustificar estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de «Outros gastos».

Tres. Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obligatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do ou da profesional axeitado para estas tarefas, en función do número de unidades de educación secundaria obligatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos da persoa orientadora, que se incluirán na nómina do pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, os gastos variables e o complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo cursos ou do terceiro e cuarto cursos de educación secundaria obligatoria, respectivamente.

Catro. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para fixar as relacións profesor ou profesora por unidade concertada adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor ou profesora con vinte e cinco horas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto para cada centro nos correspondentes módulos económicos, segundo o establecido no anexo IV desta lei.

Cinco. A relación profesor ou profesora por unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesorado afectado polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen en pagamento delegado.



Seccións	Taxas	Prezos	Total
Consellería de Política Social	41.075	17.147.858	17.188.933
Consellería do Medio Rural (Produtos e aproveitamentos forestais)		1.000.000	1.000.000
Consellería do Medio Rural (Outros)	1.182.211	206.000	1.388.211
Consellería do Mar	982.605	166.781	1.149.386
<b>Total</b>	<b>18.715.687</b>	<b>29.024.439</b>	<b>47.740.126</b>

→ ANEXO IV

## Artigo 55

Conforme o disposto nese artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de 2021, do seguinte xeito:

- Educación infantil:  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,08: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	34.206,84
Gastos variables	4.423,03
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	7.737,48
Outros gastos	6.646,80
<b>Importe total anual</b>	<b>53.014,15</b>

- Educación primaria:

Centros de ata seis unidades de primaria  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,40: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	44.342,19
Gastos variables	5.733,56
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.030,06
Outros gastos	6.646,80
<b>Importe total anual</b>	<b>66.752,61</b>

Centros de máis de seis unidades de primaria  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,36: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	43.075,28
Gastos variables	5.569,75
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	9.743,50
Outros gastos	6.646,80
<b>Importe total anual</b>	<b>65.035,33</b>



## • Educación especial (niveis obligatorios e gratuítos):

## I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor/a/unidade: 1,12: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	35.473,77
Gastos variables	4.586,85
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.024,03
Outros gastos	7.086,36
Importe total anual	55.171,01

Persoal complementario (logopedistas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo/a-pedagogo/a, traballador/a social, mestre/a especialidade de Audición e Linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	21.911,38
Autistas ou problemas graves de personalidade	25.304,02
Auditivos	20.387,67
Plurideficientes	25.304,02

II. Programas de formación para a transición á vida adulta  
(Ratio profesor/a/unidade: 2: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	63.345,98
Gastos variables	5.373,51
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	14.328,64
Outros gastos	9.973,23
Importe total anual	93.021,36

Persoal complementario (logopedistas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo/a-pedagogo/a, traballador/a social, mestre/a especialidade de Audición e Linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	34.984,55
Autistas ou problemas graves de personalidade	38.902,38
Auditivos	27.106,09
Plurideficientes	38.902,38

## Educación secundaria obligatoria:

## I. Primeiro e segundo cursos:

Centros de ata catro unidades de ESO  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,56: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	58.022,41
Gastos variables	10.583,96
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	14.218,61
Outros gastos	8.624,60
Importe total anual	91.449,58



Centros de máis de catro unidades de ESO  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,52: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	56.534,64
Gastos variables	10.312,60
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	13.854,05
Outros gastos	8.624,60
Importe total anual	89.325,89

II. Terceiro e cuarto cursos:

Centros de ata catro unidades de ESO  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,84: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	68.436,70
Gastos variables	12.483,63
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	13.427,21
Outros gastos	9.513,73
Importe total anual	103.861,27

Centros de máis de catro unidades de ESO  
(Ratio profesor/a/unidade: 1,66: 1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	61.741,81
Gastos variables	11.262,44
Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	12.113,69
Outros gastos	9.513,73
Importe total anual	94.631,67

Ciclos formativos:

(Ratio profesor/a/unidade grao medio: 1,52: 1)  
(Ratio profesor/a/unidade grao superior: 1,52: 1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:	
Primeiro curso	55.189,59
Segundo curso	0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	55.189,59
Segundo curso	55.189,59

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	55.189,59
Segundo curso	0,00

## Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	55.189,59
Segundo curso	55.189,59

## II. Gastos variables:

## Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	7.080,07
Segundo curso	0,00

## Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	7.080,07
Segundo curso	7.080,07

## Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	7.620,43
Segundo curso	0,00

## Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	7.620,43
Segundo curso	7.620,43

## III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais:

Ciclos formativos de grao medio	11.092,05
Ciclos formativos de grao superior	11.092,05

## IV. Outros gastos:

## Grupo 1. Ciclos formativos de:

Animación turística	
Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural	
Estética persoal decorativa	
Hixiene bucodental	
Química ambiental	
Primeiro curso	11.199,39
Segundo curso	2.606,59

## Grupo 2. Ciclos formativos de:

Coidados auxiliares de enfermaría	
Comercio	
Curtidos	



Documentación sanitaria	
Fabricación de produtos farmacéuticos e afins	
Laboratorio de imaxe	
Laboratorio	
Mergullo a media profundidade	
Muiñaría e industrias cerealistas	
Procesos de ennobllecemento téxtil	
Secretariado	
Servizos ao consumidor	
Xestión comercial e márketing	
Primeiro curso	13.605,27
Segundo curso	2.606,59
Grupo 3. Ciclos formativos de:	
Industrias de proceso de pasta e papel	
Operacións de ennobllecemento téxtil	
Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos	
Operacións de transformación de plásticos e caucho	
Plástico e caucho	
Transformación de madeira e cortiza	
Primeiro curso	16.181,87
Segundo curso	2.606,59
Grupo 4. Ciclos formativos de:	
Calzado e marroquinería	
Encadernados e manipulados de papel e cartón	
Fabricación e transformación de produtos de vidro	
Fundición	
Impresión en artes gráficas	
Operacións de fabricación de vidro e transformados	
Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada	
Procesos téxtiles de teceduría de punto	
Producción de fiadura e teceduría de calada	
Producción de tecidos de punto	
Tratamentos superficiais e térmicos	
Primeiro curso	18.713,45
Segundo curso	2.606,59
Grupo 5. Ciclos formativos de:	
Animación sociocultural	
Asesoría de imaxe persoal	
Integración social (plan vello)	



Radioterapia	
Realización e plans de obra	
Primeiro curso	11.199,39
Segundo curso	4.215,16

## Grupo 6. Ciclos formativos de:

Aceite de oliva e viños  
Actividades comerciais  
Administración de aplicacíons multiplataforma  
Administración de sistemas informáticos en rede  
Administración de sistemas informáticos  
Administración e finanzas  
Anatomía patolóxica e citodiagnóstico  
Anatomía patolóxica e citoloxía  
Animación sociocultural e turística  
Aproveitamento e conservación do medio natural  
Asesoría de imaxe persoal e corporativa  
Asistencia á dirección  
Atención a persoas en situación de dependencia  
Atención sociosanitaria  
Audioloxía protésica  
Axencias de viaxes e xestión de eventos  
Calzado e complementos de moda  
Caracterización e maquillaxe profesional  
Caracterización  
Comercio internacional  
Conducción de vehículos de transporte por estrada  
Construción  
Coordinación de emerxencias e protección civil  
Desenvolvemento de aplicacíons multiplataforma  
Desenvolvemento de aplicacíons web  
Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble  
Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacíons topográficas  
Deseño e producción de calzado e complementos  
Deseño técnico en téxtil e pel  
Dietética  
Dirección de cociña  
Dirección de servizos de restauración  
Documentación e administración sanitarias  
Educación infantil  
Elaboración de produtos alimenticios



Electromedicina clínica  
Emerxencias e protección civil  
Emerxencias sanitarias  
Estética e beleza  
Estética integral e benestar  
Estética  
Estilismo e dirección de perrucaría  
Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnológicos e afins  
Fabricación e ennobrecemento de produtos téxtiles  
Farmacia e parafarmacia  
Gandería e asistencia en sanidade animal  
Guía de información e asistencia turísticas  
Hixiene bucodental  
Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear  
Imaxe para o diagnóstico  
Integración social  
Interpretación da lingua de signos  
Laboratorio de diagnóstico clínico e biomédico  
Laboratorio de diagnóstico clínico  
Laboratorios de análisis e de control de calidade  
Márketing e publicidade  
Mediación comunicativa  
Navegación e pesca do litoral  
Navegación, pesca e transporte marítimo  
Obras de alبانelaría  
Obras de formigón  
Operación e mantemento de maquinaria de construcción  
Operacións de laboratorio  
Óptica de anteollaría  
Organización e control de obras de construcción  
Ortoprotésica  
Ortoproteses e produtos de apoio  
Paisaxismo e medio rural  
Panadería, repostaría e confeitaría  
Perrucaría estética e capilar  
Perrucaría  
Pesca e transporte marítimo  
Planta química  
Prevención de riscos profesionais  
Producción de audiovisuais e espectáculos  
Producción de audiovisuais, radio e espectáculos  
Promoción de igualdade de xénero



Proxectos de edificación	
Proxectos de obra civil	
Química e saúde ambiental	
Química industrial	
Radiodiagnóstico e densitometría	
Saúde ambiental	
Servizos en restauración	
Termalismo e benestar	
Traballos forestais e de conservación do medio natural	
Transporte e loxística	
Transporte marítimo e pesca de altura	
Vestiario á medida e de espectáculos	
Xardinaria e floraría	
Xestión administrativa	
Xestión de aloxamentos turísticos	
Xestión de vendas e espazos comerciais	
Xestión do transporte	
Xestión e organización de empresas agropecuarias	
Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos	
Xestión forestal e do medio natural	
Primeiro curso	10.091,81
Segundo curso	12.179,73

Grupo 7. Ciclos formativos de	
Acabados de construcción	
Automatización e robótica industrial	
Centrais eléctricas	
Cociña e gastronomía	
Confección e moda	
Desenvolvemento de produtos electrónicos	
Educación e control ambiental	
Enerxías renovables	
Equipos electrónicos de consumo	
Instalacións de telecomunicacións	
Instalacións eléctricas e automáticas	
Mantemento aeromecánico de aviós con motor de pistón	
Mantemento aeromecánico de aviós con motor de turbina	
Mantemento aeromecánico de helicópteros con motor de pistón	
Mantemento aeromecánico de helicópteros con motor de turbina	
Mantemento de aviónica	
Mantemento de embarcacións de recreo	
Mantemento de estruturas de madeira e mobiliario de embarcacións de recreo	



Mantemento de sistemas electrónicos e aviónicos de aeronaves	
Mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións	
Mantemento electrónico	
Montaxe de estruturas e instalacións de sistemas aeronáuticos	
Obras de interior, decoración e rehabilitación	
Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque	
Operacións subacuáticas e hiperbáricas	
Organización e mantemento de maquinaria de buques e embarcacións	
Patronaxe e moda	
Producción agroecolóxica	
Producción agropecuaria	
Próteses dentais	
Sistemas de regulación e control automáticos	
Sistemas electrotécnicos e automatizados	
Sistemas microinformáticos e redes	
Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque	
Primeiro curso	12.416,89
Segundo curso	14.165,72

## Grupo 8. Ciclos formativos de:

- Acondicionamento físico
- Actividades ecuestres
- Animación de actividades físicas e deportivas
- Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
- Artista falleiro e construcción de escenografías
- Automoción
- Carpintería e moble
- Carrozaría
- Conformado por moldeo de metais e polímeros
- Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos
- Deseño e amoblamento
- Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia
- Deseño e producción editorial
- Deseño e xestión da producción gráfica
- Deseño en fabricación mecánica
- Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
- Electromecánica de maquinaria
- Electromecánica de vehículos automóbiles
- Ensinanza e animación sociodeportiva
- Escavacións e sondaxes
- Fabricación á medida e instalación de madeira e moble



Guía no medio natural e tempo libre	
Iluminación, captación e tratamiento da imaxe	
Imaxe	
Instalación e amoblamento	
Instalacións de producción de calor	
Instalacións frigoríficas e de climatización	
Mantemento aeromecánico	
Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	
Pedra natural	
Producción de madeira e moble	
Producción en industrias de artes gráficas	
Producción por fundición e pulvimetallurxia	
Programación da producción en fabricación mecánica	
Programación da producción en moldeo de metais e polímeros	
Realización de audiovisuais e espectáculos	
Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos	
Redes e estacións de tratamiento de augas	
Sistemas de telecomunicación e informáticos	
Son en audiovisuais e espectáculos	
Son	
Vídeo, disc-jockey e son	
Xestión de augas	
Primeiro curso	14.594,93
Segundo curso	16.186,87

## Grupo 9. Ciclos formativos de:

Acuicultura
Construccións metálicas
Cultivos acuícolas
Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos
Fabricación de produtos cerámicos
Impresión gráfica
Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas
Mantemento de equipo industrial
Mantemento de material rodante ferroviario
Mantemento electromecánico
Mantemento ferroviario
Mecanizado
Mecatrónica industrial
Postimpresión e acabados gráficos
Preimpresión dixital



Preimpresión en artes gráficas	
Procesos de calidade na industria alimentaria	
Produción acuícola	
Soldadura e caldeiraría	
Vitivinicultura	
Xoiaría	
Primeiro curso	16.873,79
Segundo curso	18.089,85
 Formación profesional básica: (Ratio profesor/a/unidade: 1,44: 1)	
I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.284,88
II. Gastos variables	6.707,44
III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.578,87
IV. Outros gastos (primeiro e segundo cursos):	
Acceso e conservación de instalacións deportivas	9.473,54
Actividades agropecuarias	10.643,87
Actividades de panadaría e pastelaría	10.643,87
Actividades domésticas e limpeza de edificios	10.643,87
Actividades pesqueiras	13.124,91
Agroxardinaría e composicións florais	10.643,87
Aloxamento e lavandaría	9.982,03
Aproveitamentos forestais	10.643,87
Arranxo e reparación de artigos téxtiles e de pel	9.473,54
Artes gráficas	12.253,54
Carpintaría e moble	11.556,72
Cociña e restauración	10.643,87
Electricidade e electrónica	10.643,87
Fabricación de elementos metálicos	11.556,72
Fabricación e montaxe	13.124,91
Industrias alimentarias	9.473,54
Informática de oficinas	11.967,59
Informática e comunicacíons	11.967,59
Instalacións electrotécnicas e mecánicas	10.643,87
Mantenemento de embarcacións deportivas e de recreo	11.556,72
Mantenemento de vehículos	11.556,72
Mantenemento de vivendas	10.643,87
Perrucaría e estética	9.473,54
Reforma e mantenemento de edificios	10.643,87
Servizos administrativos	10.027,62



Servizos comerciais	10.027,62
Tapizaría e cortinaxe	9.473,54
Vidraría e olaría	13.124,91

(\*) O importe do complemento retributivo da Comunidade Autónoma do profesorado licenciado de primeiro e segundo cursos de educación secundaria obligatoria axustarase, de xeito que a suma do salario, complemento de equiparación de licenciados e CRCA sexa igual ao salario e CRCA do profesorado de terceiro e cuarto de ESO.

#### ANEXO V

#### Artigo 56

Créditos asignados ás corporacións locais		
12	Administración xeral	591.736
13	Xustiza	815.908
14	Administración local	13.490.174
15	Normalización lingüística	350.000
21	Protección civil e seguridade	300.000
31	Acción social e promoción social	115.711.158
32	Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	56.814.108
41	Sanidade	5.017.621
42	Educación	900.178
43	Cultura	7.145.213
44	Deportes	2.207.480
45	Vivenda	2.592.800
51	Infraestruturas	3.037.539
52	Ordenación do territorio	4.786.668
53	Promoción de solo para actividades económicas	100.000
54	Actuacións ambientais	8.107.032
55	Actuacións e valoración do medio rural	20.007.042
56	Investigación, desenvolvemento e innovación	308.000
57	Sociedade da información e do coñecemento	995.250
71	Dinamización económica do medio rural	18.269.827
73	Industria, enerxía e minaría	9.561.630
75	Comercio	1.390.500
76	Turismo	5.914.058
81	Transferencias a entidades locais	129.450.335
	Total	407.864.257

